

XIII ENCONTRO



DE



RONDALLAS

18 de Decembro

de

2016

19,00 h.

*Casa da Cultura
Baión*

Rondalla Vila de As Pontes

As Pontes (A Coruña)

Director: *D. Alfonso Delgado López*

Un grupo de pais e nais, apoiados polo equipo Pastoral crea en 1987 a “Rondalla Vila de As Pontes”, tendo a súa primeira actuación ao ano seguinte nas festas patronais.

No 1996, nace o coro de voces mixtas, que sempre estará acompañado pola “Rondalla”.

Ten actuado ao longo das catro provincias da nosa Comunidade, destacando os concertos na Colexiata de A Coruña e no Teatro Rosalia de Castro da mesma, XII Encontro internacional de Corais e Rondallas de Ourense, así como en Asturias, Gondomar (Portugal), XV encontro Coral en Sassocorvaro (Italia), 8º Festival Corale Internacionale “Cantate Adriatica” (Rep de S. Mariño), festas patronais de Aranjuez no programa de TVE Galicia para o Mundo e na misa Dominical da TVG.

O seu repertorio está composto por, pezas de música clásica, habaneiras, popular, sacra e do folclore do mundo en xeral.

Desde a súa creación está dirixida por D. Alfonso Delgado López.

PROGRAMA

La viajera.....*L: F. de Val / M. Francisco Gª Morcillo*

Celoso *L Mario Molina Montes / M. Jenny Lou Carson*

Ansiedad.....*L y M: José Enrique Sarabia Rodríguez*

Catro Vello Mariñeiros.....*Arm. Miguel Groba*

Rondalla “O CASTRO”

Baión

Director: *D. Luis Renda Dios*

A rondalla O CASTRO naceu no ano 1998 no seo da Asociación Cultural O Castro de Baión, con 30 compoñentes de tódalas idades.

As pezas do grupo están compostas basicamente por cancións populares, tendo tamén un repertorio conxunto coa Coral Cantigas do Castro e outro de cantos populares e relixiosos co coro xuvenil O Castro da mesma asociación.

Súas actuacións esténdense por toda a xeografía galega e fora dela, destacando a participación na misa matinal da TVG co coro Cantigas do Castro, festival “Villa de Fabero” en Fabero (León), festival do “Instituto de Salud Carlos III” de Madrid, concerto na igrexa do Carme en Salamanca, auditorio Príncipe Felipe de Oviedo, Palacio da Audiencia de Soria, auditorio de San Atilano en Zamora, concerto na Robla (León) e neste ano 2016 no I Encontro Internacional de Música Tradicional de Riotinto (Portugal). Participou xunto co coro xuvenil “O Castro” no programa da TVG “Xa somos artistas” emitido o 28-12-2013.

Tamén apertura a Xuntanza Internacional de Corais en Baión que se leva a cabo tódolos anos en maio.

Está dentro dos convenios da Deputación Provincial e Xunta de Galicia.

Ao fin de darlle un novo impulso á rondalla, dende o 2011 fíxose cargo dos principiantes D^a Teresa Pazos Dopazo.

Conta na actualidade con 12 membros e están dirixidos dende seus inicios por D. Luis Renda Dios.


PROGRAMA

Universitarios..... *Adap. R. Morena*

Vino tinto con sifón.... *De la Zarzuela "La Chula Tanguista" Juan Rica*

Canta, canta, canta..... *José Alfredo Jiménez*

Chegarán chegarán..... *Ana*



Rondalla O CASTRO



Rondalla Vila de As Pontes



Organiza:
Asociación Cultural "O CASTRO"
Baión

